

Concello de Vilalba

XXX FESTA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA 4 e 5 de ABRIL 2026

BASES DA ADXUDICACIÓN DE POSTOS

1. Obxecto: Establecer os criterios e requisitos para a adxudicación dos postos destinados a:

- promoción e venda de alimentos de elaboración propia.
- promoción e venda de produtos artesanais.
- asociacións, institucións e entidades sen ánimo de lucro.

Poderán presentar solicitude as persoas físicas e xurídicas que reúnan os requisitos que acrediten segundo o disposto no punto seguinte:

2. Documentación que deben presentar os solicitantes interesados: (de ser o caso)

- Instancia
- NIF
- Rexistro sanitario
- Carné de manipulador de alimentos
- D.O.P.ou I.X.P.
- Etiquetado
- Carta de artesán.
- Seguro RC e último recibo de pago e póliza de accidentes de traballo
- Alta no réxime de autónomos e último recibo de pago
- Relación de traballadores que intervirán no posto
- Alta na seguridade social dos traballadores/as
- Certificado de estar ó corrente de pago coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Facenda de Galicia
- Plan de prevención dos traballadores/as e copia de estar apto no recoñecemento médico
- Orden de domiciliación de pago (modelo)

3. Ubicación e características dos postos:

- O espazo a ocupar polos expositores, así como a súa situación será decidida pola organización. Tendo prioridade dentro da carpa os produtos alimenticios que contén con denominación de orixe.
- Todos os postos terán 2 metros de fondo, e o longo que cada expositor solicite. A organización, non obstante, resérvase o dereito a variar os metros e situación en función do espazo.
- Os stands serán instalados polo concello, que non facilitará nin mesas nin cadeiras.
- A organización disporá da seguridade no recinto da feira dende as 20h do sábado as 10h do domingo. Recoméndase pechar a fronte de cada posto despois do peche da feira.
- A organización facilitará o acceso a tomas de luz para os que así o soliciten ó longo de todos os postos. Prohíbese a utilización de estufas eléctricas.

Concello de Vilalba

4. Organización e desenvolvemento da Feira:

- Os horarios da feira serán de obrigado cumprimento podendo a organización impedir a participación de calquera expositor que non os cumpra.
- Os horarios da feira serán os seguintes:
Sábado día 4 de abril de 11:00 h. A 21:00 h.
Domingo día 5 de abril de 10:00 h. A 15:00 h.
- O sábado os expositores poderán pechar 2 horas de 14 a 16h
- Os expositores disporán dunha zona de aparcamento no parking subterráneo da praza da Constitución (entrada pola Rúa dos Pepes). Dende aquí deberán levar a pe a mercancía ata os postos. (non estará permitido o acceso con vehículos á praza da Constitución nin á carpa).
- Poderase acceder a este parking dende as 08.45 ata as 10.45h o sábado e dende as 08.30 ata as 09.45h o domingo. Debendo estar os postos totalmente montados para cando se abra a feira.

5. Solicitudes:

- Para solicitar a reserva de espazo, deberase presentar toda a documentación descrita na Base 1, xunto coa instancia e orden de domiciliación bancaria no Rexistro do Concello de Vilalba, tanto presencial (horario de 09:00 horas a 14:00 horas), como pola sede electrónica a través da páxina web www.vilalba.gal
- Data de solicitude: dende o día seguinte da publicación destas Bases ata o 20 de Marzo de 2026, incluído.

6. Canon:

O canon a abonar polos autorizados é de 60€, que será cargado na conta facilitada coa instancia. A falta de pagamento suporá a resolución da autorización.

7. Procedemento de autorización e criterios de adxudicación

- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente procederá a resolucións das autorizacións.
- No caso de que existan máis solicitudes que espazos, o criterio de adxudicación será dándolle prioridade a produtores que contén con carta de artesáns e comercios locais. En todo caso, primaranse os postos de alimentación.

8. Para calquera dúbida:

Teléfonos de contacto: **982 51 03 05** (Concello)

Correo electrónico: paula.vigo@vilalba.es (Concelleira de Feiras e Mercados)